

Licenzas de formación

A Consellaría, tras “aforrarse” as licenzas do curso actual que quedou sen convocatoria, mantén conxelado o total de licenzas retribuídas (500 meses) para o curso 23/24 e négase a recuperar as licenzas por estudos ou as licenzas non retribuídas

A única novidade relevante é a simplificación das modalidades, que pasan de 6 a 3.

Modalidade 1: elaboración de materiais curriculares dixitais para todos os niveis educativos. Incorpora as anterior modalidades 3 e 4 de FP. Mantén a diferenza entre 1a (individuais) e 1b (en grupos de 2 ou 3 persoas). Recortan estas licenzas, xa que pasan de 340 meses (150 en proxectos individuais e 190 en grupos) a 300 (130 e 170 meses respectivamente).

Modalidade 2: creación de cursos non presenciais de formación de profesorado (modelo competencial da rede de formación e da competencia dixital docente). Hai un incremento de 70 meses, mais que duplicando a oferta anterior (pasa de 60 a 130 meses).

Modalidade 3: creación de materiais curriculares dixitais para os cursos de especialización de FP. Reducen esta modalidade, pasando de 100 a 70 meses.

A cifra total de meses e, por tanto, de fondos destinados ás licenzas, mantense conxelada en 500. Nin sequera o feito de terse “saltado” unha convocatoria, fai mudar a contía global destas licenzas, o que indica a escasa relevancia que para a Consellaría teñen estas licenzas.

A Consellaría presenta unha convocatoria que mantén no fondo o mesmos principios para a concesión das licenzas por formación e desbota propostas da CIG-Ensino para, nuns casos, recuperar licenzas cunha importante demanda do profesorado como é o caso da ampliación e finalización de estudos que repercutirían positivamente no sistema

**Menos
licenzas para a
elaboración de materiais
curriculares (40 meses menos) e
cursos de especialización de FP (30
meses menos) e máis para
creación de cursos non
presenciais (70 meses
máis)**

educativo e na formación permanente do profesorado.

A estrutura das licenzas cambia nas formas pero sen que mude nada no substancial.

Consólídase un ano máis a desaparición do espírito que deu lugar

a unha parte importante destas licenzas: mellorar a formación e titulación do profesorado para

afrontar os retos do sistema educativo e da propia carreira profesional, limitándose á funcionalidade de elaborar materiais curriculares e de formación para outros docentes.

É impresentábel que a mesma Consellaría que non se cansou de criticar o Ministerio por como efectuou o cambio de corpos na FP non mova nin un dedo para facer unha das poucas cousas para as que ten plenas competencias e que a CIG-Ensino leva demandando desde hai 2 anos: promoción e dotación de fondos e licenzas por estudos para que o profesorado para extinguir do corpo de PTFP poida realizar ou rematar estudos de Grao que lle permitan a integración a todos os efectos no corpo de PES antes de xaneiro de 2026.

A Consellaría négase expresamente a incluír licenzas de formación para realizar estudos de grao para o PTFP.

Hai cambios tamén na puntuación, xa que agora se exige un **mínimo do 60% da puntuación total e increméntase dun xeito importante a puntuación do proxecto, de 8 a 12 puntos.**

En resumo, as licenzas de formación manteñen en liñas xerais a mesma estrutura destes últimos anos, centrada en satisfacer as necesidades da Consellaría, que prefire reducir mesmo a elaboración de materias curriculares para poder derivar parte dese diñeiro á elaboración de cursos de formación e sen atender demandas da CIG-Ensino que foron:

- 👤 Recuperar a modalidade de **perfeccionamento de linguas estranxeiras no exterior**. **Non a van recuperar, a administración di que esta modalidade está cuberta polo PIALE.**

- 👤 **Incrementar as licenzas por formación nas modalidades ofertadas.** Mantense o mesmo orzamento para as licenzas, cun máximo de **500 meses para uns 32.000 docentes desde hai máis de cinco anos.**

Entendemos que, como mínimo, debería duplicarse o investimento nas licenzas e con máis modalidades.

- 👤 A recuperación de **cursos** ou cando menos semestres **sabáticos** para realización de teses e mestrados ou para remate de graos, cun plan específico para o profesorado para extinguir do corpo de PTFP. **Néganse.**

- 👤 A autorización das **licenzas sen retribución para ampliación de estudos**, cunha duración mínima dun semestre e máxima dun curso escolar. **Néganse.**

- 👤 Fixar como un elemento central a **normalización lingüística**, indicando que todos os materias, incluído o **proxecto**, se deberán presentar, cando menos, en **galego** e incorporando unha **modalidade específica para elaborar materiais e propostas de normalización** e dinamización da lingua galega.

- 👤 Nas anteriores modalidades 3 e 4 (materiais curriculares para FP) incorporábase a única e raquítica medida de discriminación positiva para o noso idioma: *“No caso de que dous proxectos sexan seleccionados e valorados coa mesma puntuación para a elaboración de materiais curriculares dun mesmo módulo, valorarase preferentemente aquel que, entre as linguas oficiais, propoña a súa elaboración en galego.* Demandamos, se non se atende a nosa proposta de que se

teñan que elaborar os contidos en galego, cando menos figure esta preferencia.

A Consellaría di que vai estudar a posibilidade de incluír unha preferencia para os proxectos elaborados na nosa lingua, sempre deixando ao marxe as materias que non se poden impartir nela.

🗣️ **Incremento da duración das diferentes modalidades**, especialmente a mínima de 1 mes, totalmente insuficiente. No caso dos grupos, deberíanse sumar as horas de cada unha das persoas, elevando o máximo a 9 meses se hai tres docentes, como se facía até agora na modalidade 4 de grupos para materiais de FP. **Non o aceptan.**

🗣️ Solicitamos que na resolución provisional se publiquen as notas do proxecto por subepígrafes, de cara a facilitar as reclamacións do profesorado.

🗣️ **Non compartimos que se eleve de 8 a 12 puntos a puntuación do proxecto.** En todo caso, a comisión debe ser clara á hora de puntuar os diferentes apartados do proxecto así como a cualificación global deste. As persoas cun proxecto valorado por baixo do mínimo deben ter dereito a solicitar a revisión do seu proxecto, coñecendo esa puntuación por apartados.

🗣️ Incorpórase un mecanismo sancionador de non poder participar nas comisións de formación, cando os traballos presentados teñan unha valoración de “non apto”. Non estamos de acordo, partindo de que a corrección é subxectiva, persoal e sen control sindical. Recordamos que esta corrección xa ten dado problemas en anos anteriores.

Como alternativa diríamos que os declarados non aptos -con control sindical- pasen a ao final na prelación do artigo 1 (persoas destinatarias).

Articulado

🗣️ **Artigo 1º.** Reclamamos que se eliminen as referencias a persoal interino nas modalidades de grupo, xa que tal e como está redactado, a presenza no grupo dunha persoa interina é un factor de penalización.

🗣️ Demandamos **que se impulse a creación e dotación de materias curriculares na nosa lingua**, dada a vergoñenta falta de recursos actual. Para iso debe indicarse que deben realizarse en galego.

🗣️ Na **modalidade 2 (creación de cursos non presenciais)** solicitamos que haxa exención total ou cando menos parcial de docencia durante a pilotaxe e titorización do curso creado. **Non o aceptan.**

🗣️ Non entendemos que a concesión da licenza da **modalidade 2** quede supeditada á avaliación positiva da formación específica sobre o deseño e creación dun curso na Rede en Platega, cando para a elaboración do proxecto se esixe a entrega dun módulo completo elaborado, o que xa de por si debe demostrar competencia suficiente. **Non o van cambiar.**

🗣️ **Artigo 5º.** O prazo de presentación de solicitudes debe ser de 1 mes. No 2021 rematou o 25 de xuño. A Consellaría debería ter traído esta orde con anterioridade á Mesa para que ese prazos non coincidisen co final de curso escolar.

 **Artigo 6º. A comisión de selección** ten un marcado carácter político e nela debe ter un maior peso o profesorado, ben por sorteo xeral ou entre docentes con experiencia nas diferentes modalidades.

 **Reunións das subcomisións.** Tal e como recolle a convocatoria os sindicatos podemos asistir a estas reunións. Nestes últimos anos desde a CIG-Ensino temos presentado queixas por non ser convocados. Aconteceu neste curso tamén na baremación do CXT que finalmente solucionamos tras reclamar a nosa incorporación. Deben darse instrucións claras.

 **Artigo 7º.** Nos criterios de desempate consideramos que se deberían priorizar os servizos docentes en primeiro lugar, logo a formación e por último o proxecto, xa que a maior discrecionalidade deste apartado xa se dá ao outorgarlle a puntuación inicial, polo que o desempate debe darse por cuestións obxectivas.

 **Artigo 9º.** Redúcese **o período no que se poden desfrutar as licenzas das modalidade 1 e 2:** antes podían ser até o 30 de xuño e agora até o 31 de maio. Solicitamos unha explicación porque non se entende que mellora con ese cambio.
Aceptan volver ao 30 de xuño.

 **Pedimos a retirada da Disposición Adicional 1ª,** xa que pode provocar unha maior redución das xa limitadas licenzas que se convocan, ao autorizar que algunhas accións formativas que non teñen nada a ver coas modalidades desta convocatoria se poderían adxudicar dentro das prazas ofertadas.

Baremo

 O **proxecto** debe baixar a 10 puntos e ser necesario acadar 4 ou en todo caso 6 puntos (se queren manter o do 60% como mínimo) e non 12 para acceder á licenza.

 Nos **servizos docentes** débese incrementar a puntuación de 10 a 15 puntos.

 En **formación** débese incrementar de 6 a 8 puntos (3 por recibida e 5 por coordinación ou impartición) e que se puntúe 0,2 puntos por cada 10 horas de formación impartida (en vez de 0,10).

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal